

Contradición

Marta GONZÁLEZ SUÁREZ

Eu quería que morrese de celos por min. Ansiaba tanto os seus beizos que cando bicaba a outra devecíala por tela a ela. Por que o facía? Non o sei. Sentía que lle tiña que devolver a xogada coa mesma moeda, e deixábame levar por ese sentimento. Ela non cesaba de inventar amantes estraños e inexistentes para me facer pesar. Construía historias completas, argalladas de principio a fin só para me amolar. Era o seu entretemento. Falábame de Xosé, de Xaquín, Marco, Pedro, Manuel, Ricardo, Xabier, Alberto, Paulo... coido que nin sequera tiña tantos compañeiros de oficina; aínda que talvez tomase a algún deles como referente. Quizais existise algún Xabier ou algún Alberto como veciños de mesa; mais de seguro que non mantiña con eles máis relación que a estritamente laboral. Ela sabía.

E eu tamén. Tiña plena consciencia de que endexamais quería a outro. Sóubeno aquela tarde, hai seis anos, cando entre lusco e fusco me dixo: “desde esta noite a lúa brillará só para ti e para min, sempre”. Esa foi a declaración de amor máis tenra que oíra na miña vida, e resultou estar dedicada a min. A nosa relación baseábase na incompreensión. Era sinxelo de entender, mais moi difícil de levar. Desconcertábame cos seus vaivéns de ideas, e as súas incongruencias tiñan un antollo de atractivo desdén. Ás veces ollaba cara a ela procurando na súa mirada unha esperanza de verdade, a certidume de que non se estaba a mofar de min en cada instante. Porén, non semellaba disposta a me sacar de dúbidas.

Presentárase así, tan imprevista, tan inesperada, tan ansiada. Precisaba dela, é certo; mais canda ela non comprendía. O absurdo parecía-me desesperadamente infinito e variábel, cada día cunha nova cor chea de matices. Chegara a asustarme, a dominarme por completo... mais a soa idea de perdela aterrábame aínda máis. E con tanta inqueda unicamente logrei ao cabo

do tempo estar seguro dunha cousa. Aquela tarde marcou un antes e un despois na nosa historia, pois souben por fin que había algo de firme entre todo aquel desconcerto.

Dese xeito asumín un compromiso con absoluta vontade. Os meus pensamentos semellaban estar ocupados só coa súa imaxe, as súas verbas, a súa esencia. Era unha droga, que un día comezas a inxerir absurdamente, sen sentido, sen explicación; mais que che absorbe o miolo e as entrañas, engúlete por enteiro, anúlate e abandónate con renovada adicción. Penso que até sería quen de matar por ela. Si, seguramente...

Por iso, cando me falaba de amantes invisíbeis con tal convicción, eu albergaba a estúpida idea de crelo posíbel só por algúns instantes, os suficientes para facer criar un verme de ciúmes no corazón, que se movía polo sangue afervoadado e me chuchaba a identidade unha vez chegaba ao meu maxín. E nese preciso intre no que estaba a xestar unha vinganza asasina, ela sorriame con tenrura, mofábase de min, e selaba novamente o noso compromiso cun doce bico nos beizos.

Porén, aínda que o sabía e cría na súa fidelidade, o orgullo, na súa ausencia, podíame. Eu tamén tiña un traballo, eu tamén coñecía mulleres, eu tamén era quen de facela sofrer. O amor é unha caixa de ledicia e pranto, e no meu caso extraviara a chave da pechadura que podía manter todas aquelas emocións en orde. Nas horas que non pasaba con ela lembraba o seu xogo sen sentido. Sempre soubera como me dar celos. A carraxe invadíame. O desexo de facerlle vivir o mesmo que eu sentía dábame golpes no peito. Notaba un latexo constante na gorxa, como se o corazón fose saír dun intre a outro, irrefreábel. E talvez só quería que se decatase de canto a amaba, de que xeito dependía dela, para que comprendese a dor que me causaba o

seu pasatempo. Así foi como comecei unha amizade con Susana, con Lucía, con Carme, Alicia, Irene, Sara, María, Cristina ... sempre indo máis aló das meras palabras. Probaba os seus corpos e despois dábanme noxo, dábame noxo eu mesmo por caer tan baixo, por pechar os ollos e imaxinar que estaba con ela, e por abrilos logo e rexeitar cun aceno a muller que tivera un “si” na boca.

Decatouse, como non? Talvez fose o arrecendo, igual que acontece nos libros de detectives; ou quizais a miña actitude. Non traía cabelos loiros ou rizados nas chaquetas, nin carmín na cara. Non esquecía o reloxo en casas alleas nin traía nada doutras mulleres agochado no peto. Mais amábaa con demasiada intensidade, demasiada forza, excesivo ímpeto. Investíaa en cada xesto, arrincáballe a pel con cada agarimo, comíalle os beizos, os dedos, as cadeiras... O amor volvérase odio. Detestaba o xeito en que a quería, odiaba a miña dependencia, a súa dozura; a miña adición, as súas incongruencias xa coñecidas, aquela maneira irracional en que chegara a desexala. Víaa por todas partes, ouvíaa por todas os recantos. Fóra, non volvas! VAITE!

E cando caía rendido con particular desmaio sobre o corpo doutra, choraba por estar onda ela. Botaba en falta o seu sabor de zucre, e todo canto bicaba nunha pel allea tiña un desagradábel gusto amargo.

Nunca nos separamos malia a tensión reinante. Mirámonos e queimabámonos os ollos. Doíanme de observala, mancábanme as retinas de contemplar a súa figura tan rutinaria e, ao tempo, tan ignorada. En cada palabra había rabia, displicencia, ira... Eran como golpes que nos lanzabamos un cara ao outro con desdén e desprezo nun intento inútil por chegar ao punto de retorno e comezar de novo. Querería voltar ao principio, a aquel día en que nos coñecemos, en que non sabíamos o moito que nos fariamos sofrer. Mais non podíamos ficar na distancia. Coido que nin sequera pasou esa idea polas nosas cabezas. Odiabámonos demasiado para aprender agora a vivir sós.

Unha noite cheguei tarde á casa. Estivera desde despois do xantar con Andrea, sen maior interese. Entrei con algo de dificultade porque bebera demasiado. Ela estaba no salón, agardándome (ou iso cría eu), sentada no sofá,

lendo un vello libro de humor que eu lle regalara había cinco anos. Nin tan sequera ergueu a vista para me mirar. Seguía alí, lendo e rindo coa historia.

—Vou para a cama —espeteille secamente—. Tamén eu quería turbala como ela facía comigo. Aquela imaxe nada máis entrar na casa produciu o efecto dunha estaca cravándoseme no peito. Xa nin me miraba ... Mais non respondeu.

—Ana! —berreille—; voume á cama!

E nada.

Logo apoiou o libro boca abaixo sobre a mesa, aberto, para non perder a páxina. Ergueuse e foi á cociña. Volveu nun instante cun vaso de auga cheo. Tampouco nesta ocasión me mirou, e sentouse de novo para continuar lendo onde o deixara.

—Ana...—agora xa perdera a compostura. Suplicáballe, rogáballe que me fixera caso. Aquel desprezo feríame no máis fondo, levábame a vida—. Ana... por favor...

Aquilo pareceu producir efecto. Levantou a ollada do libro e fitoume:

—Que? —mais aquela palabra, así dita, deixárame sen alento e sen saber que responder—.

—A ver!, que queres?

—Ana...

—Vasme gastar o nome de tanto dicilo, aínda que ás veces penso que se che esquece.

—Non digas iso... Estiven...

—Xa sei con quen estiveches! Non preciso explicacións! Prefiro ignorar os detalles dunha realidade que doe; en parte porque xa os sei. Con quen foi desta vez? Xulia? Sara?...

—Pero...

—Pero, que! Non mereces nin que estrague saliva contigo. Nin o meu cuspe che dou.

Era certo. Endexamais debín acudir a outras. Ao cabo, sempre remataba rexeitándoas, afastándoas de min violentamente. Logo mirábanme cun aceno de incompreensión, de incertidume, de inxustiza. Non atinaban a comprender as miñas razóns. Fitábanme sorprendidas, asustadas. Sabía como seducilas, como atraelas. Engaiolábaas con palabras e despois rendíanse aos meus pés, entregándose a unha falacia, a unha

máscara que eu chegara a interpretar con detestábel e sublime mestría. Ah! Nin sequera as desexaba. O odio encirrababa os meus instintos. Eu só procuraba a vinganza, a dor allea. Quería que ela chorase por min, que comese as unllas de carraxe, que berrase o meu nome... e unicamente obtiña desprezo.

Aquela indiferenza doíame de tal xeito que me afogaba o corazón. Seguiría a latexar? Si, seguía a latexar enchoupado en rabia, amoreando enerxía para lle devolver a acción de xeito calculado. Todo era pouco. E, porén, vencérame. Vencíame.

E alí, de pé, xa non era dono dos meus actos. O meu maxín ía por camiños que non podía controlar. Por iso as palabras saíron sen eu querelo.

—Estache ben! —e observei con extraordinario detalle o seu rostro descomposto. Aqueles segundos permitíronme estudar o fondo da súa expresión con asombrosa dedicación, como se o tempo se detivese. Estaba abatida—. Polo que me fixeches, e polo que me fas. Detéstote. Ódiote, non sabes até que punto. Sempre tentando á sorte, xogando comigo, feríndome coas túas parvadas de nena, ignorando a miña realidade. Págoche do mesmo modo, coa mesma moeda de celos. Quitáchesme o sono noites enteiras, unha tras outra, esgotándome sen sentido, polo absurdo do teu comportamento. Felicítote. Xa ves que non tardei moito en atopar un agasallo adecuado para ti; aínda que...

Non puiden rematar a frase. Nese preciso instante deume unha labazada que me xeou a voz no me intento de desafogo. Ela choraba, e de xeito mecánico estampeille outra, se cadra con máis forza. Botou a man á cara coa boca desencaixada, asustada, máis que sorprendida, pola miña resposta. Entón tamén choraba eu. Non podíamos afastar a mirada. Fervíanos o sangue. Mais, de súpeto, démonos unha aperta e comezamos a nos bicar entre bágoas. Os nosos beizos tiñan un gusto salgado que me resultaba delicioso. Comíalle a carne e ela a min. Agarimabámonos coma se fôsemos estraños, descoñecidos; aínda que coñecía á perfección a súa pel, os seus lunares, os seus músculos, o seu aroma. Non era preciso falar nin mirarse. Durante aquel ímpeto de paixón non abrimos os ollos. Sabíámolo moi ben. Quixemos baixar as pálpebras para non deixar fuxir o odio que nos afastaba pero que, ao mesmo tempo, nos encamiñaba un ao outro con encolerizada furia. Sen dúbida, fora o destino quen nos xuntara, non a casualidade. A nosa relación estaba chea de fatalidades. Chegados a este punto, só quedaba renderse ante as evidencias e asumir o noso sino contradictorio, saltando do amor ao rexeitamento igual que abanea o péndulo dun reloxo, sen esforzo ningún. Afundín as mans no seu cabelo mouro, como abríndome paso entre a area, e lembrei entón a primeira vez que fixera aquilo mesmo, dominado polos sentimentos, invadido de tenrura...

—Ana —dixen—, quérote.